

## CURSO DE INTERPRETACIÓN DE INSTRUMENTO



**Jordi Ortega López**

*Conservatorio Profesional de Música de Ourense días 10  
e 11 de abril*

## **Jordi Ortega López**

Comeza os seus estudos musicais na Sociedade Unión Musical de Benimodo (Valencia) o seu pobo natal, sendo o seu mestre Juan A. Boronat. Cursa os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música “Joaquín Rodrigo” de Valencia e posteriormente amplía a súa formación en Alemaña co mestre Eric Terwilliger (Trompa Solista da Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera).

Comeza a súa labor profesional coincidindo coa creación da “Real Filharmonía de Galicia” primeiro como Trompa Co-principal e posteriormente como Trompa Principal, posto que desempeña actualmente.

No ano 2006 interpreta xunto coa Real Filharmonía de Galicia e baixo a dirección de Maximino Zumalave o concerto “Mondariz” para trompa e orquestra de Juan Durán.

No 2016 interpreta o Concerto nº3 para trompa e orquestra de W. A. Mozart baixo a batuta de Christoph König.

A súa labor pedagóxica desenrolase principalmente na “Escola de Altos Estudos Musicais” de Galicia e tamén participa asiduamente en cursos de especialización de trompa, así como en encontros musicais de orquestras.

É membro fundador do grupo “Filhartrompía Quartet” xunto ó cal gravou o disco “All4horn”.

Actualmente é artista Stomvi e toca co Modelo TITÁN 6.

**DATAS: 10 e 11 de abril de 2024**

**HORARIO: 10:00-14:00/ 16:00 21:00**

### **DEREITOS DE MATRÍCULA:**

- Alumno/as activos GP do centro: 40 €
- Alumnos/as activos GE do centro: 25 €
- Alumno/as activos GP externos ó centro: 50 €
- Alumnos/as oíntes: 15 €

### **OBXECTIVOS E CONTIDOS:**

- Traballar os distintos aspectos técnicos e musicais necesarios para obter una interpretación axeitada nos diferentes niveis.
- Aprender e mellorar aspectos técnicos, musicais, históricos etc. Relacionados co instrumento.
- Achegar o alumnado un punto de vista distinto sobre a interpretación da trompa da man de un profesional con ampla experiencia.
- Crear e fomentar a escoita activa e a sensibilidade auditiva sobre un mesmo e sobre os compañeiros.
- Fomentar un bo clima de respecto e compañeirismo entre as alumnas e alumnos.

As inscricións abonaranse en **ABANCA,**  
**IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.**

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro. O prazo de matrícula remata o día 15 de marzo de 2024.

**A todos os alumnos participantes no curso entregaráse, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo pola súa asistencia.**

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso de Interpretación de \_\_\_\_\_

Nome e apelidos \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

CP e Poboación \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_ E-mail \_\_\_\_\_

Nivel de estudos:  G.E.  G.P.  G.S.

Centro de estudos \_\_\_\_\_

- Alumnado activo do centro G.E.
- Alumnado activo do centro G.P.
- Alumnado activo externo.
- Alumnado oínte.

Data de inscrición \_\_\_\_\_

Sinatura \_\_\_\_\_